

Patios Vivos Miudiño

I.Necesidade ou moda?



Miudiño S.Coop.Galega

Xogo e cultura para naturalizar a infancia

Música

Patios

Contos

Xoguetes

Obradoiros

Educación ambiental

A child with curly hair, wearing a light-colored striped shirt and dark pants, is running away from the camera in a grassy field. Large, light-colored hand cutouts are visible in the foreground, partially obscuring the child. The background is a bright, sunny outdoor setting with trees and a clear sky.

Patios Vivos Miudiño

SERVIZOS

Formación

Patios Vivos: necesidade ou moda?

Seguridade e naturalización

O proceso do cambio

Proxectos

Asesoramento

Coordinación do proceso

Redacción do proxecto

Execución do proxecto

Naturalización

Venda de mobiliario

Elementos artesanais

Deseño adaptado ao cumprimento da normativa vixente

Naturalización e xogo libre nos espazos de xogo
Saúde para a infancia



Influencias

Ludantia: arquitectura e educación

Patios habitables: asociación de referencia para calquer colectivo que queira facer modificacións no seu patio.

Patios dinámicos: aqueles que favorecen a inclusión no xogo dos nenos con TEA. Formación en “Patios y parques dinámicos” de Gey Lagar

Patios vivos: Patios nos que a natureza se equipara ao xogo libre. Son vivos porque neles hai vida natural que nos sustenta.

Obxectivos

PATIOS VIVOS:
AS CLAVES DO CAMBIO

DAR RESPOSTA A 4 PREGUNTAS CLAVE

É necesario intervir no espazo exterior da miña comunidade?

Como podemos facelo?

Cal é o camiño máis axeitado?

Cales son as dúbidas máis frecuentes?



 **É NECESARIO INTERVIR NO ESPAZO EXTERIOR?**



OU FACÉMOLO POR MODA?



REFLEXIÓN *PREVIAS*

IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES

O NOSO ESPAZO EXTERIOR FACILITA:

- A distribución equitativa do espazo?
- A ausencia de xénero?
- A socialización intergrupar?
- O xogo libre de todo o alumando?
- O cubrir as necesidades dos usuarios?
- A accesibilidade universal?
- A autonomía das persoas usuarias?
- O dar resposta ás necesidades de movemento libre?
- A aprendizaxe no exterior?
- A restauración da atención?
- A conciencia ecolóxica?

Estudar

as características, necesidades, desexos, medos e preocupacións da comunidade, para que a intervención teña obxectivos concretos, que dean resposta ás carencias que teñamos.



Un proxecto de transformación do espazo exterior nunca vai ser igual en dous centros, porque as necesidades varían dunha a outra comunidade.



DEFINICIÓN DE PATIO VIVO





Espazo privilexiado
no que establecer
interaccións sociais,
no que aprender unha
morea de cousas,
no que poder xogar
libremente e que nos dea
paz e calma, que sexa
restaurador para nós

PATIO VIVO

ESPAZO EXTERIOR DUNHA
COMUNIDADE QUE FACILITA

- SOCIALIZACIÓN
- APRENDIZAXE
- XOGO LIBRE
- RESTAURACIÓN
ATENCIÓN

DA





FALAMOS DO ESPAZO EXTERIOR COMO ESPAZO PROMOTOR

PEDAGÓXICO

DA SAÚDE

De acordo coa definición da OMS
en canto aos aspectos

FÍSICOS
EMOCIONAIS
COGNITIVOS
SOCIAIS

DA SAÚDE MEDIOAMBIENTAL

ESPAZO DE SOCIALIZACIÓN





Independentemente da idade e características que teñamos, o ser humano é un ser social, e un dos desfrutes máis grandes que temos é o de poder parolar e compartir tempo e espazo coa xente veciña e amiga

Facilita o noso espazo exterior a socialización?



A escola debe ser un dos lugares nos que as crianzas aprendan a formar parte da sociedade: tanto na adquisición de coñecementos coma na convivencia.

Entón:

- Porque nas escolas forzamos a unidade grupal por idades?
- Por que non plantexar os patios coma espazos de libre circulación
- Cal é o rol do adulto? Cal é o vínculo que establecemos?
- Podemos compensar as carencias do alumnado?

Aprender a convivir en sociedade implica desfrutar co trato da diversidade e aprender a resolver conflitos.



 **ESPAZO DE APRENDIZAXE**





- **Extensión das aulas:** aulas no exterior, aprendizaxe vivencial...
- **Experimentación e curiosidade**
- **Transmisión de valores:** coeducación, igualdade, liberdade, respecto, tolerancia, gratitude, beleza

 **ESPAZO DE XOGO LIBRE**





- **Homo ludens (JOHAN HUIZINGA):** Xogo como función humana esencial e directamente relacionada coa xénese e desenvolvemento cultural.
- **Xogo** = dereito universal, independentemente da idade

Facilita o noso espazo exterior o xogo libre?

Retomamos reflexións?

- Permiten o xogo libre?
- Está adaptado o espazo para permitir a autonomía na escolla do xogo?
- Que conflitos xorden?
 - O fútbol: espazo empregado en beneficio duns poucos
 - A deambulación.
 - A ausencia de cultura do xogo inmaterial e a súa transmisión.





BENEFICIOS DO XOGO LIBRE



XOGO: libre, espontáneo, voluntario


- O xogo libre permite a estimulación cerebral óptima para cada individuo:
 - Non todas maduramos ao mesmo tempo.
 - Para o desenvolvemento precisamos movemento:
 - necesidade de movemento = estimulación sensorial + inhibición de reflexos innatos.
 - Consecuencias a medio e longo prazo de non permitirlles un desenvolvemento motriz óptimo:
 - na coordinación, no equilibrio, na lecto escritura, na fala.
- Non todos temos as mesmas inquiredanzas e gustos.
- Que cada quen sexa capaz de escoitar ao seu corpo.
- Deixar fluír as necesidades de cada persoa.
- Permitir un eido de liberdade, de autonomía, de toma de decisións.



Falamos de riscos?

- Diferenza entre risco e perigo
- Confianza e acompañamento vs. medo e vixianza
- Gratitude ao erro vs. castigo do erro
- Riscos reais:
 - Medo dos adultos
 - Sobreprotección do adulto



NECESIDADES DO XOGO LIBRE 

Ás veces

- Compañeiras de xogo
- Material de xogo

SEMPRE

- TEMPO
- ESPAZO

Dámosllos?





***ESPAZO DE RESTAURACIÓN
A NATURALIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR***

Psicología ambiental

- Estuda o sistema ambiente-persoa
- Para explicar o estado e/ou comportamento dunha persoa debe acudirse ao lugar no que se atopa.

Acción e lugar,
ambiente e comportamento,
sentimento e paisaxe,
son indisociables





Os espazos de convivencia

Tonucci: a cidade dos nenos

- Cidades deseñadas para persoas adultas, traballadoras e os seus coches.
- A participación da infancia (extensible aos non productivos?)
- Falamos de :
 - Accesibilidade
 - Relacions de confianza
 - Medo

O cambio social:

- Revolución tecnolóxica
- Infancia exterior vs. interior
- Despoboamento



A vida nas cidades

- Consequencias positivas
- Consequencias negativas

Os teóricos

- Milgram, 1970: Sobrecarga informativa
- Wilson, 1984: Hipótese da biofilia
- Kaplan, 1989: Teoría da Restauración da atención
- Louv, R. 2008: Trastorno por déficit de natureza
- Freire, H. 2011: Educar en verde
- Corraliza y Collado, 2016: Conciencia ecológica y bienestar en la infancia
- Hueso, K. 2019: Jugar al aire libre





Experiencia infantil en entornos naturais

A relación do contacto dos nenos coa natureza estúdase en tres grupos:

- Psicolóxicos
- Físicos
- Aumento de pro-ambientalidade

Natureza e beneficios psicolóxicos

O contacto coa natureza no barrio, parque ou colexio ten importancia:

- **Psicolóxica:**

- Mellora da capacidade de concentración
- Nas habilidades cognitivas
- Na sintomatoloxía TDA/TDAH

- **Social:**

- Na interacción social entre iguais
- Na interacción social cos adultos
- Na calidade e tipos de xogo

- **Emocional:**

- Expresión de sentimentos máis positivos
- Papel moderador, facilitando a sobrelevar os eventos estresantes (Corraliza e Collado, 2011)

Resultados significativos controlando factores influíntes coma a calidade de vivenda, nivel socioeconómico, diferentes niveis de capacidade atencional.





Teoría de Restauración da Atención de Kaplan e Kaplan (1989):

Casa coa teórica das emocións e o mantemento do estrés longos períodos de tempo.

- A **capacidade de atención directa** das persoas é un **recurso limitado**, que se esgota ao facer fronte ás demandas do día a día (sobrecarga informativa)
- Dificultade para facer fronte a tarefas cognitivas
- Se estas dificultades se prolongan no tempo, dan lugar a frustración, estrés e malestar xeral.
- Cando a capacidade de atención non se recupera, a saúde e o benestar das persoas vense afectados (Kaplan, 1995).

A restauración psicológica

Proceso adaptativo no que unha serie de recursos diminuídos (físicos, psicolóxicos e sociais) precisan:

- RESTAURACIÓN
- unha actividade que permita dita restauración
- un ambiente que a promova.





Características da restauración psicolóxica

- **A fascinación:** O ambiente atrae a atención sen esforzo e impide o aburrimiento. Activase unha atención involuntaria, tanto por paisaxes naturais coma por actividades exploratorias.
- **A evasión:** Gañar distancia física ou psicolóxica dos problemas e preocupacións diarios
- **A compatibilidade:** A congruencia entre o que o individuo quere facer nun ambiente e o que este lle ofrece.
- **A extensión:** cando o ambiente constitúe un mundo en si mesmo, con posibilidades de exploración e activación do funcionamento mental.

*Cómpre o noso espazo exterior estas
características?*



Natureza e beneficios físicos

Diferentes estudos que relacionan natureza e infancia sinalan:

- Incremento de actividade física
- Mellor coordinación motora
- Incremento de vitamina D

- Menor taxa de enfermidades
- Menor risco de sobrepeso
- Menor risco de miopía

Ozdemir e Yilmaz (2008): estudo sobre as características físicas do patio, atoparon que a presenza de árbores e auga no patio da escola inflúe:

- no índice de masa corporal dos nenos,
- nas súas percepcións e sentimentos de satisfacción co patio do recreo.

Os autores afirman que os nenos prefiren patios grandes, con vexetación e describen o seu patio ideal de colexio coma aquel que inclúe elementos verdes (árbores e herba).

Os nenos deben xogar en espazos naturais todos os días.



Natureza e pro-ambientalidade

Favorecen as condutas pro-ecolóxicas:

- **O equilibrio entre dúas dimensións:**
 - Experiencias indirectas: maior carga cognitiva
 - Experiencias directas coa natureza: maior carga afectiva
- **A interese propia das persoas na conservación da natureza:** querer protexer aqueles ambientes dos que obtemos beneficios (emocional e psicolóxico).

Corraliza e Collado (2013) conclúen que a restauración psicolóxica dos nenos é un factor que motiva as súas condutas ecolóxicas. Sendo, de todos os compoñentes da restauración, a **fascinación** a que xoga un papel central.

Fascinación, condutas exploratorias, curiosidade...

Non son características definitorias do ser humano?

Temos as persoas adultas coidadoras capacidade de asombro que poidamos contaxiar?

Somos quen de de facilitar a curiosidade? O sentido do abraio? O fluír?

Concluindo:

Os espazos exteriores son moito máis que zona de acceso, descanso ou aparcamento, mais para velo así precisamos cambios a nivel social.

A promoción da saúde necesariamente debe implicar a todos os sectores sociais, polo que a intervención nos espazos exteriores de colexios, centros de día, residencias...tórnase cada vez máis necesaria.

Ocio, aprendizaxe, natureza e restauración deben ser consideradas no deseño dos espazos exteriores para beneficio da sociedade, independentemente da idade, das patoloxías, da diversidade e características propias que aporte cada quen.

O cambio de mirada ven de man das persoas profesionais que traballamos no eido do social.





COMO PODEMOS FACELO?





**NATURALIZACIÓN
E
CREACIÓN DE NOVOS ESPAZOS**



NATURALIZACIÓN DO ESPAZO

Beneficios no eido da saúde:

- Emocional
- Física
- Cognitivo
- Social

E outros:

- Aumento das posibilidades pedagóxicas
- Aumento de conciencia ecolóxica
- Coñecemento do patrimonio lúdico
- Importancia da paisaxe, da beleza
- Facilitar á comunidade o poder de modificar a súa contorna

COMO:

DE MENOS A MÁIS



VALORAR O QUE TEMOS
(NO COLE E NOS ARREDORES)





XARDINERÍA INTERIOR



XARDINERÍA EXTERIOR SOBRE PAVIMENTO
CEMENTADO



XARDINERÍA EXTERIOR SOBRE TERRA



HORTA (COMESTIBLE VS.LÚDICA)



BOSQUE/XARDIN SILVESTRE



A CREACIÓN DE NOVOS ESPAZOS DE XOGO

Beneficios no eido da saúde:

- Social
- Emocional
- Cognitiva
- Física

E outros:

- A liberdade de elección
- O incremento de posibilidades de socialización
- O incremento de posibilidades lectivas
- Aprendizaxe vivencial

QUE ESPAZOS?

- Relax
- Xogo simbólico
- Terra
- Auga
- Area
- Estimulación multisensorial
- Construcción con pezas soltas
- Fauna
- Ciencia
- Música
- Teatro
- Asemblea
- Equilibrio e movemento
- Xogos tradicionais





RELAX



ASEMBLEA



EQUILIBRIO E MOVIMENTO



XOGO SIMBÓLICO



CONSTRUCCIÓN CON PEZAS SOLTAS



AREA



TERRA





AUGA



ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL



FAUNA



CIENCIA



MUSICA



TEATRO-DANZA



XOGOS TRADICIONAIS






 ***CAL É O CAMIÑO CON MAIOR PROBABILIDADE DE
ÉXITO?***



Formación

Adultos da comunidade educativa



Proceso participativo, proceso cooperativo

Alumnado



Proceso participativo



Familias, docentes,
persoal e administración

Comisión de patios

Representantes da
comunidade educativa.
Grupos de traballo



O proxecto

Redacción

Proxecto de consenso
Aprobación en Consello Escolar
Incluílo no PE de centro



Execución

Aos poucos, entre todas
Autoconstrucción/merca

🌱 CALES SON AS DÚBIDAS MÁIS HABITUAIS?

DOUBT

BELIEVE

A lexislación

Decreto Xunta 245/2003
UNE 1176

O fabricante de elementos ten que cumprir a norma.

A certificación é por instalación, non por construción.

Inspección educativa

Necesidade de velar pola seguridade da cativada.



Financiamento



Na comunidade educativa:

- PFPP
- Contrato programa
- Voz natura
- Plan proxecta
- Financiamento ANPA
- Subvencións forestais
- Subvencións igualdade

Externos

- Contorna próxima, veciñanza
- Comunidades de montes
- Concello
- Deputación



Os hándicap máis grandes...



As présas
Os problemas de comunicación entre as persoas adultas

Facemos fincapé na calma e na necesidade:



- De mellora da comunicación e HHSS
- De coñecemento na toma de decisións
- Dun liderado coordinador de proxectos

Cambiar o patio implica cambios

- No espazo
- Na pedagogía
- Nas relacións
- Na confianza
- Na revisión do risco e do erro



Pode ser a transformación do patio unha transformación máis profunda das relacións e cultura grupal da comunidade educativa que a comeza?



Oxalá

a transformación do patio sexa a primeira pedra dalgo moito máis grande:



A construción dunha comunidade educativa cooperativa capaz de converter os seus soños en realidade

Patios Vivos Miudiño

Natureza e xogo nos patios escolares

Fabricación-Venda
Formación-Asesoramento-
Coordinación- Proxectos

CONTACTO

miudiño
- S.COOP.GALEGA -

CORREO ELECTRÓNICO

contacto@miudinho.gal

NÚMERO DE TELÉFONO

699006384

WEB

<https://miudinho.gal>

